



CIRCULAR ACOLLEMENTO FAMILIAR

Nº: 1/2023

Data: sinatura electrónica

Asunto: Instrucións para unificar e homoxeneizar criterios nos acollementos familiares en familia extensa e allea

Ámbito: Servizos centrais, xefaturas territoriais, entidades colaboradoras

Vixencia: substitúe a Circular 1/2022, da mesma denominación.

Cambios respecto da versión anterior:

- adecuación de certas denominacións (neno, nena ou adolescente por menor)
- apartado 1: inclúese referencia ao acollemento familiar con dedicación exclusiva.
- apartado 2.a): inclúese autorización do acollemento residencial de nenos e nenas de menos de seis anos.
- apartado 2.b): elimínase a referencia ao carácter excepcional do acollemento permanente en familia allea. Deberá valorarse cal é a medida ou recurso máis adecuado en cada caso.
- apartado 2.c): modifícanse o criterio de non separación de irmáns, co obxectivo de atender o interese superior de cada un dos nenos ou nenas.
- apartado 2.d): inclúense referencias a todos os programas de acollemento en familia allea.
- apartado 2.i): inclúese posibilidade de adaptación de horarios de visitas a horarios da familia acolledora.
- apartado 3.3): especificase que o período dun mes entre formación e ofrecemento se pode obviar no caso de familia extensa. Inclúese referencia a Aldeas Infantiles, que xestiona programa de acollemento especializado con dedicación exclusiva.
- Elimínase o apartado 3.3.1 (Suspensión da tramitación) e as circunstancias descritas pasan a incluírse como factores de risco de non adecuación (apartado 3.5 b) e c).
- apartados 3.3.f) e 3.4.1.c): elimínase a referencia a parella de feito ou matrimonio
- inclúese excepción aos recursos económicos adecuados no apartado 3.4.1b) para especificar que os NNA se manteñan en familia extensa se a pesar deste tipo de carencias resulta adecuado para estes.
- apartado 3.4.2: inclúese como criterio xeral que no caso de que a familia biolóxica teña fillos/as, estes deberán ser de maior idade que o NNA que se acolla.
- apartado 3.5: auméntase a vixencia das adecuacións a tres anos e especificase o procedemento para tramitar a revisión das adecuacións e as baixas nos programas tras dous anos de espera voluntaria.
- apartado 3.8): elimínase, en liña co manual de procedemento, o paso dos acollementos permanentes pola COPET.
- apartado 3.10.1.g) e j): especificase que en caso de separación da familia acolledora ou falecemento ou incapacidade dun dos membros debe emitirse nova resolución administrativa.
- inclúese referencia no apartado 5.4. a que se deben garantir as visitas que se establezan no plan individualizado de protección.
- apartado 6. Inclúese referencia a Aldeas Infantiles (programa de acollemento dedicación exclusiva).
- apartado 6.10: modifícase o modelo de traballo con familias de orixe, xa que algúns programas novos inclúen este aspecto entre as funcións dos equipos das entidades colaboradoras.
- apartado 7.2): modifícase a remuneración dos acollementos ordinarios, inclúese





referencia ás remuneracións especiais puntuais e aos acollementos especializados con dedicación exclusiva.

1. INTRODUCCIÓN

O acollemento familiar defínese como aquel recurso de protección **revogable**, orientado ao coidado de nenos, nenas ou adolescentes que se atopan privados, aínda que sexa circunstancialmente, dunha axeitada atención e que consiste en confiar o coidado dun/ha neno/a ou adolescente a unha familia que reúna as condicións persoais, educativas e materiais necesarias para proporcionarlle unha **vida familiar**.

É un **recurso de protección que implica a separación do/a neno, nena ou adolescente dos seus proxenitores/titores** e a asunción dos seus coidados por unha familia distinta, con vínculos de parentesco (familia extensa) ou sen eles (familia allea), agás excepcións (recollidas no punto 2. b desta circular).

Todas as nenas, nenos e adolescentes (en adiante, NNA) en acollemento familiar estarán baixo unha medida de protección (tutela ou garda), adoptada polo departamento territorial de menores ou polo xuíz, conforme o establecido na Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia.

As situacións que poden dar orixe a un acollemento familiar son:

- Nenos, nenas ou adolescentes en garda administrativa ou xudicial, a solicitude dos seus pais ou titores cando por circunstancias graves non poidan coidalos (e así o estime a Entidade Pública) ou porque así o determine o xuíz. A Administración asume a garda da NNA e delégaa na familia acollidora.
- Nenos, nenas ou adolescentes declarados en desamparo. A Entidade Pública asume a tutela e delega a garda do/a neno/a ou adolescente na familia acollidora.

A través da medida de acollemento familiar, exerce a garda do/a neno, nena ou adolescente polo núcleo familiar acolledor, tendo a obriga de velar por el/ela telo/a na súa compañía, alimentalo, educalo e procurarlle unha formación integral.

Atendendo á súa duración e obxectivos o acollemento poderá ser:

- **De urxencia:** principalmente para nenos, nenas ou adolescentes de menos de 6 anos, que terá unha duración non superior a 6 meses, en tanto se decida a medida de protección que corresponda. Corresponde a unha medida de urxencia/emergencia cando é necesaria a saída do NNA con carácter inmediato, ou cando se precisa recompilar a información necesaria sobre o caso antes de tomar unha decisión sobre que medida de protección convén.
- **Temporal:** terá carácter transitorio, ben porque da situación da nena, neno ou adolescente se prevexa a reintegración deste/a na súa propia familia, ou ben en tanto non se adopte unha medida de protección que revista un carácter máis estable, como o acollemento familiar permanente ou a adopción. Este acollemento terá unha duración máxima de dous anos, salvo que o interese superior do neno, nena ou adolescente aconselle a prórroga da medida pola previsible e inmediata reintegración familiar, ou a adopción doutra medida de protección definitiva. En ningún caso esta prórroga do acollemento temporal poderá superar os 6 meses de duración.

A Entidade Pública remitiralle ao Ministerio Fiscal informe xustificativo da situación dun determinado neno, nena ou adolescente cando este estivese en acollemento familiar temporal durante un período superior a dous anos, debendo xustificar a Entidade Pública as causas polas que non se adoptou unha medida protectora de carácter máis estable nese intervalo.

- **Permanente:** constituirase ben ao finalizar o prazo de dous anos de acollemento temporal, por non ser posible a reintegración familiar; ou ben directamente en casos de nenos, nenas ou adolescentes con necesidades especiais, ou cando as circunstancias do/a neno, nena ou adolescente





e a súa familia así o aconsellen.

A Entidade Pública poderá solicitar do xuíz que atribúa aos acolletores permanentes aquelas facultades da tutela que faciliten o desempeño das súas responsabilidades, atendendo en todo caso ao interese superior do neno, nena ou adolescente.

En relación á compensación económica, en función das características dos nenos, nenas ou adolescentes, os acollementos poderán ser:

- **Ordinarios:** cando a NNA non presenta ningunha característica física ou psíquica que orixine a necesidade duns cuidados ou atencións especiais.
- **Especiais:** cando a NNA presenta algunha/s característica/s que orixina/n a necesidade duns cuidados ou atencións especiais que deberán xustificarse documentalmente.

En ningún caso se considerará un acollemento como especial en función das características ou situación (social ou económica) da familia acollidora.

- **Especializados con dedicación exclusiva:** cando a NNA presenta algunha/s característica/s que orixina/n a necesidade duns cuidados ou atencións especiais que deberán xustificarse documentalmente, e que requiren de dedicación que impide que, cando menos un dos membros da parella, desenvolva outra actividade económica. Requiren por parte de familia cualificación, formación ou experiencia.

Considerando o tipo de convivencia entre a NNA e os acolletores, o acollemento poderá ser:

- **De convivencia plena:** os acolletores ocúpanse as 24 horas do día, os 7 días da semana, do/a neno, nena ou adolescente acollido/a.
- **De fin de semana e/ou vacacións:** desenvólvese durante os fins de semana e/ou os períodos vacacionais.
- **De día/noite:** o acollemento ten lugar durante o día, regresando o neno, nena ou adolescente ao seu domicilio pola noite, ou viceversa.

Aquelas solicitudes cuxo motivo para a formalización do acollemento sexa económico, derivaranse a solicitudes de axudas da Consellería de Política Social e Xuventude (RISGA, axudas de emerxencia, etc.)

2. CRITERIOS A TER EN CONTA POLOS EQUIPOS TÉCNICOS DE MENORES

En todo o proceso teranse en conta os principios reitores da acción administrativa en relación coa protección de nenos, nenas e adolescentes, recollidos no artigo 11 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil, na procura do interese superior da nena, neno ou adolescente, definido no artigo 2 da mesma norma, e do dereito destes a medrar en familia.

- a) Ante a necesidade de adoptar unha medida de protección para un/ha neno/a ou adolescente (tutela ou garda) **primará** o acollemento familiar **sobre o acollemento residencial**. Esta prioridade atenderase de maneira especial para nenos e nenas de 0 a 6 anos, aos que se deberá evitar a súa institucionalización.

A asignación a nenos e nenas menores de seis anos dun recurso de acollemento residencial que non corresponda a unha atención de día, deberá contar coa autorización do Servizo de Protección de Menores da Consellería de Política Social e Xuventude. Como criterio xeral, autorizarase a asignación do recurso se consta no expediente a comunicación por escrito do programa de acollemento en familia allea (Cruz Vermella, ou de ser o caso, Aldeas Infantiles) conforme non existe unha familia acollidora adecuada dispoñible, así como a declaración do ETM de que non existe familia extensa





adecuada. A situación dos nenos e nenas menores de seis anos acollidos en centros de menores revisarase polo Servizo de Protección de Menores cada mes.

- b) **Favorecerase** a permanencia do neno ou adolescente no seu propio ambiente, procurando que o acollemento se produza **en familia extensa**, agás que non sexa aconsellable para o interese do neno, nena ou adolescente ou mentres esta non sexa valorada como adecuada. Só nos casos nos que non exista familia extensa ou esta non sexa axeitada ou conveniente para o neno, se optará por un acollemento en familia allea.

No caso de que o acollemento se formalice con persoas achegadas (padriños, veciños...), que deberán igualmente ser valoradas polo ETM, constituirase formalmente como acollemento en familia extensa, aínda que biolóxicamente non sexa así.

Será **prioritario** o acollemento en **familia extensa sobre a adopción**, agás nos casos de renuncia de recién nados, nos que primará a adopción, por ser esta a vontade da nai que entrega a/o nena/o e non ter esta/e ningún vínculo coa súa familia biolóxica.

O acollemento permanente en familia allea acordarase cando non sexa posible ou conveniente a adopción. A motivación das decisións adoptadas quedará recollida expresamente no expediente.

- c) **Evitarase**, salvo casos motivados expresamente no expediente, a **separación de irmáns**, procurando o seu acollemento por unha mesma familia. Cando isto non sexa posible procurarase establecer un réxime de visitas que garanta o contacto entre irmáns.
- d) As familias acolledoras alleas serán valoradas inicialmente polos técnicos do programa de acollemento en familia allea que corresponda (Cruz Vermella, Aldeas Infantiles [Programa de acollemento especializado con dedicación exclusiva] ou En Familia), valoración que será ratificada coa declaración de adecuación pola Xefatura Territorial, a proposta do equipo técnico do menor.
- e) A **familia acolledora non convivirá cos pais ou titores** no mesmo domicilio, agás excepcións a valorar no contexto da intervención familiar polo equipo de acollemento (pais ou nais con necesidades de apoio e medida de curatela representativa ou con enfermidades físicas ou psíquicas que os imposibiliten para o coidado do neno, nena ou adolescente, e en casos puntuais moi xustificados que non interfiran no bo funcionamento do acollemento). Non obstante, nestes casos, deberán delimitarse entre os acolledores e os pais ámbitos de responsabilidade, tendo en conta que os deberes da garda do neno, nena ou adolescente, serán exercidos polos acolledores.
- f) A **familia acolledora e a NNA**, se ten suficiente madurez e, en todo caso se ten **12 anos cumpridos**, deberán consentir o acollemento. Estas comparecencias deberán constar no seu expediente. Ademais, deberá garantirse non só o consentimento da NNA cando proceda, senón tamén o dereito a ser escoitado e oído, cos axustes para persoas con discapacidade e/ou coas medidas de apoio necesarias en función das circunstancias específicas de cada neno, nena ou adolescente. Do cumprimento deste dereito e das circunstancias nas que se produciu deberá quedar constancia expresa no expediente. Deberán **ser informados do acollemento os pais ou titores do neno, nena ou adolescente**. Recollerase comparecencia por escrito das súas manifestacións ao respecto e comunicaráselles por escrito a pertinente resolución. Así mesmo, no prazo dun mes, informarase ao Ministerio Fiscal da constitución do acollemento.
- g) Tendo en conta que o obxectivo principal do acollemento é acadar a reunificación familiar o máis axiña posible, no expediente do NNA **deberán facerse constar os compromisos** que asumen os pais ou titores, os acolledores e a NNA, segundo o caso, e a valoración do ETM, **o réxime de visitas**, e o **seguimento** que vai facer o ETM. Todo recollido a través do documento Plan Individualizado de Protección.
- h) Procurarase **fomentar a relación do neno ou adolescente coa súa familia de orixe e, en especial, entre irmáns** sempre que sexa axeitado e conveniente para o seu interese. Fomentarase o coñecemento entre a familia acolledora e familia de orixe, sempre que atenda ao interese superior da NNA, e favoreza a evolución positiva do acollemento.
- i) O ETM informará aos acolledores do **réxime de visitas** do neno/a ou adolescente cos seus pais (se é





conveniente e factible), que deberán cumprilas nos días, lugares e horarios acordados polo equipo técnico. O ETM procurará adaptar, sempre que sexa posible, as visitas aos horarios xustificadas da familia acolledora.

A familia acolledora deberá priorizar en todo momento o interese superior de cada NNA acollido/a e, especificamente, notificará á entidade pública e/ou á entidade colaboradora calquera incidencia relativa a esas condicións de días, lugares, horarios ou outras circunstancias das visitas, e, en supostos de risco grave e inminente para o NNA, daralle a atención inmediata que precise.

- j) A falta de colaboración da familia acolledora cos equipos técnicos, que orixine interferencias na boa marcha do acollemento ou na procura da reunificación familiar supón un "incumprimento grave e reiterado dos compromisos, deberes e obrigacións" da familia acolledora e motivará a finalización do acollemento, motivado polo interese superior da nena, neno ou adolescente. Esta motivación incluírase expresamente na resolución que determine a finalización do acollemento por esta causa.

3. FASES DO ACOLLEMENTO:

- 3.1 Información
- 3.2 Formación inicial
- 3.3 Ofrecemento
- 3.4 Valoración da adecuación
- 3.5 Proposta e resolucións
- 3.6 Asignación de familia ó/á neno, nena ou adolescente.
- 3.7 Período de transición.
- 3.8 Formalización
- 3.9 Seguimento e formación continua
- 3.10 Preparación para a finalización do acollemento e cese

Respecto ás fases do procedemento para a valoración en familia allea, as fases seguen unha orde cronolóxica e cada unha delas debe ser completada antes de acceder á seguinte (fases sucesivas), agás naqueles casos en que se considere necesario axilizar o proceso debido a determinadas circunstancias. En calquera caso, despois da formación, haberá un período dun mes de reflexión, antes de presentar o ofrecemento.

3.1. INFORMACIÓN:

Tal e como se recolle no artigo 20 bis da L.O. 1/1996 de Protección Xurídica do Menor, as persoas acolledoras teñen dereito a recibir información acerca da natureza e efectos do acollemento. Esta información será facilitada polo persoal especializado na materia, con anterioridade á presentación da solicitude. Obxectivos:

- Facilitar ás/aos asistentes información que axude a comprender a natureza e o alcance do acollemento familiar das medidas de protección á infancia: acollemento familiar e adopción.
- Promover a necesaria reflexión persoal con anterioridade a emprender un proxecto destas características.
- Procurarlles orientación e contidos que lles faciliten a toma de decisión e a orientación do seu proxecto de acollemento familiar.
- As sesións informativas en relación ao acollemento en familia allea, serán de aproximadamente dúas horas, programaranse procurando que exista diversidade horaria para facilitar que asista o





maior número posible de persoas interesadas. O calendario das sesións será publicado anticipadamente pola entidade que xestione o correspondente programa de apoio ao acollemento na súa páxina web xunto coa documentación e información de interese.

No caso de acollemento en familia extensa, as sesións serán impartidas de forma individual por profesionais do equipo técnico do menor que corresponda.

Os contidos destas sesións serán:

- Interese superior das nenas, nenos e adolescentes
- Marco lexislativo
- Acollemento familiar e residencial.
- Acollemento familiar e adopción.
- Características do neno, nena ou adolescente susceptibles de ser acollidas.
- Obrigas e dereitos da familia de acollida.
- Requisitos que deben reunir as familias solicitantes.
- Información xeral sobre o procedemento.
- Recursos aos que dirixirse.
- Documentación descargable.

3.2 FORMACIÓN INICIAL

A lei recolle o dereito de recibir preparación previa e a obriga de participar nas accións formativas por parte de todas as persoas acolledoras.

Esta formación será obrigatoria no caso de familia allea, e terá unha duración de 12 horas distribuídas en varias sesións ao longo dun mes. Deberán asistir un mínimo dun 90% das horas lectivas. No caso da familia extensa, o equipo técnico do menor valorará a conveniencia de que cada familia reciba formación específica nesta fase.

A formación será impartida por un equipo multidisciplinar con formación específica e experiencia na materia e os grupos non poderán exceder de 25 membros.

Contidos:

- Funcionamento xeral do sistema de protección e papel do acollemento.
- Dereitos e deberes derivados da condición de familia acollidora
- Concepto de resiliencia e responsabilidade das familias acolledoras.
- Necesidades asistenciais, educativas e de seguridade emocional. Exposición de casos prácticos.
- Características dos nenos/nenas vítimas de desprotección, dano emocional.
- Apego. Trastornos do apego.
- Expectativas realistas acerca dos cambios que o acollemento pode supoñer na dinámica familiar e as etapas polas que a familia pode atravesar desde a chegada ata a despedida da persoa acollida. No caso de familia extensa incidirase no impacto que pode supor no ámbito familiar o acollemento e a necesidade de contar con estratexias para o manexo funcional.
- Trámites escolares, sanitarios, administrativos en xeral.
- No caso de familia allea, as particularidades que supón para os/as nenos, nenas ou adolescentes acollidas a conciliación do dobre afecto e a responsabilidade da familia acollidora como axente





facilitador. No caso de familia extensa a necesidade de preservar ao neno, nena ou adolescente dos conflitos familiares.

- Necesidade e importancia da colaboración cos técnicos no seguimento e na implantación do Plan individualizado de intervención.
- Necesidade de traballar conxuntamente coa familia biolóxica en caso de que o traballo a levar a cabo co/a NNA así o indique.
- Características distintivas do acollemento familiar fronte a adopción.
- Profundar nas particularidades do acollemento de nenas, nenos e adolescentes con necesidades especiais.
- Intercambio de experiencias con familias xa acolledoras e con persoas que no seu día foron acollidas.
- Elaboración da Historia de Vida.

3.3. OFRECEMENTO

De estaren interesados en realizar un acollemento, solicitarano por escrito mediante a presentación da solicitude de acollemento familiar, de acordo co ANEXO I (procedemento BS401G). No caso dos ofrecementos para acollementos en familia allea, esta solicitude non poderá presentarse ata transcorrido 1 mes desde o final da formación, co obxecto de facilitar a reflexión sobre o proxecto de acollemento. No caso de familia extensa, o ETM que valore a adecuación pode propor que se reduza ou elimine ese prazo, atendendo ás circunstancias do caso. Deberá presentarse por calquera dos medios establecidos no artigo 16.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, achegando a seguinte documentación:

- a) Informe ou certificado médico de saúde física e psíquica de cada unha das persoas solicitantes segundo o anexo II.
- b) Certificado de convivencia no que consten todas as persoas que viven no domicilio.
- c) Certificado literal de nacemento das persoas que se ofrecen para o acollemento
- d) Fotocopia da folla rexistral do libro de familia, se é o caso.
- e) Documento acreditativo dun tempo mínimo de 2 anos de convivencia das parellas.
- f) Acreditación de residencia legal permanente en España de estranxeiros.
- g) Certificado de empadramento.
- h) Declaración responsable de non ter sido privados ou suspendidos da patria potestade nin removidos da situación de tutela ou que incorresen en circunstancias que lles imposibiliten para ser titores, nin estar sometidos a medidas cautelares asociadas a unha orde de protección para as vítimas de violencia de xénero ou violencia doméstica.
- i) Declaración responsable de cumprir, no seu caso, co pagamento das pensións de alimentos.
- j) Declaración responsable de non ter ningún ofrecemento para adopción.
- k) Así mesmo, para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas (en caso de oposición polas persoas solicitantes, deberán achegalos):
 - Documento nacional de identidade das persoas que se ofrecen para o acollemento
 - Declaración do Imposto da Renda das Persoas Físicas (IRPF) que acrediten os





recursos económicos da/s persoa/s que se ofrecen para o acollemento. En caso de oposición ou de que a consulta non acredite os ditos recursos, deberán achegarse os documentos que aseguren que a familia solicitante conta cos ditos recursos.

- Certificación negativa, de antecedentes penais e do rexistro central de delinquentes sexuais e de trata de seres humanos, da parella que se ofrece e das persoas maiores de 18 anos, no caso dos antecedentes penais, e de maiores de 14 anos de idade no caso da certificación negativa do rexistro central de delinquentes sexuais, que formen parte da unidade familiar.
- Certificado de formación básica en acollemento familiar, no caso de familia allea.

No caso de que as persoas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no ANEXO I "solicitud".

Se algunha circunstancia imposibilitase a obtención deste dato poderáselles solicitar a presentación da documentación correspondente.

O modelo de ofrecemento de acollemento familiar tamén está dispoñible na web da Xunta de Galicia (www.xunta.es) no apartado "Guía do Cidadán".

No caso de familia extensa, xunto co ofrecemento deberán cumprimentar o cuestionario no que figuren os seguintes datos:

- Datos de identificación das persoas que se ofrecen para o acollemento, do resto dos integrantes da unidade familiar e dos fillos que non convivan con eles.
- Datos socioeconómicos: estudos, ocupación, xornada laboral, rendementos do traballo.
- Vivenda: réxime de tenencia, superficie, número de habitacións,...
- Motivación: coñecemento do recurso, toma de decisión, experiencias previas de acollemento.
- Modalidade de acollemento (convivencia plena; fins de semana e/ou vacacións; día/noite).
- Calquera outra circunstancia que desexen poñer de manifesto e que sirva para concretar e definir o seu ofrecemento.

A Xefatura Territorial que corresponda remitirá, no prazo máximo de 10 días a documentación que corresponda á entidade que xestione o programa de acollemento en familia allea que corresponda (Cruz Vermella, Aldeas Infantiles, Programa En Familia ou outros que se poidan implementar)

3.4. VALORACIÓN DA ADECUACIÓN.

Enténdese por adecuación a aptitude, capacidade e motivación adecuadas para exercer as responsabilidades inherentes á garda, cubrir as necesidades da NNA e procurarlle unha atención e formación integral nun entorno afectivo, atendendo sempre ás necesidades e interese superior da NNA, así como para asumir as consecuencias, peculiaridades e responsabilidades que implica a medida de acollemento familiar e que lle permite ofrecer á NNA a estabilidade, o afecto, a estimulación, o coidado e o respecto ós seus sinais de identidade que lle permitan un desenvolvemento integral. Nesta valoración terase en conta a súa situación familiar e aptitude educadora, a súa capacidade para atender adecuadamente as necesidades de toda índole das nenas, nenos ou adolescentes de que se trate, a congruencia entre a súa motivación e a natureza e finalidade do acollemento segundo a súa modalidade, así como a disposición a facilitar o cumprimento dos obxectivos do plan individual de atención e, de ser o caso, do programa de reintegración familiar, propiciando a relación da NNA coa súa familia de procedencia.





Para a avaliación será unha boa praxe obter a colaboración e/ou a información dispoñible dos servizos sociais municipais.

A valoración será realizada por técnicos especializados na materia. As familias acolledoras alleas serán valoradas inicialmente polo persoal técnico do programa de acollemento en familia allea (Cruz Vermella, Aldeas Infantiles ou En Familia), ou doutros programas que se desenvolvan. Esa valoración será ratificada coa declaración de adecuación pola Xefatura Territorial, coa proposta do ETM e posterior resolución da Xefatura Territorial. No caso de familia extensa, a valoración inicial será realizada polo ETM da xefatura que corresponda. A valoración deberá levarse a cabo nun prazo máximo de tres meses dende a entrega completa da documentación para o ofrecemento.

Con carácter xeral, a valoración psicopedagóxica e social circunscríbese á persoa ou parella solicitante. No caso de haber outras persoas adultas na unidade de convivencia, resulta importante coñecer súas expectativas e o seu apoio ao proxecto.

Se hai nenos, nenas ou adolescentes e, dado que un proxecto destas características afecta a súa esfera persoal, familiar e social, procedería levar a cabo unha exploración das mesmas para coñecer súa opinión e sentimentos cara o proxecto familiar. A exploración dos/as nenos, nenas ou adolescentes sería necesaria cando se prevé un resultado da valoración favorable. No caso de non ser así podería prescindirse desta intervención en aras de non xerar falsas expectativas nos/as nenos, nenas ou adolescentes.

En relación aos instrumentos metodolóxicos, utilizaranse en todos os casos seguintes: a entrevista conxunta semi-estruturada (de ambos técnicos coa persoa ou parella candidata), entrevista individual semi-estruturada (cada un dos técnicos coas persoas solicitantes) e visita domiciliaria. Queda a criterio técnico o número de intervencións e a posibilidade de administrar probas psicométricas, cuestionarios ou outros materiais estandarizados ou propios.

3.4.1 Requisitos

Primará sempre o interese superior da nena, neno ou adolescente á hora de valorar a adecuación psicosocial das familias que se ofrecen para o acollemento.

- a) Desfrutar dun estado de saúde física e psíquica que garanta a atención normalizada da NNA de idade.
- b) Dispor de medios de vida estables e suficientes. Non se considerarán adecuadas familias que carezan totalmente de ingresos ou presenten graves carencias económicas, agás no caso de que exista familia extensa que, de ter este tipo de carencias, conte con apoio dos servizos sociais adecuados para asegurar o adecuado desenvolvemento do neno, nena ou adolescente.
- c) Convivencia superior a dous anos no caso de que as persoas que se ofrecen para o acollemento sexan parella.
- d) Compartir unha actitude favorable ao acollemento familiar e á integración da NNA no núcleo, por todos os membros da unidade familiar.
- e) Desfrutar dun entorno e vida familiar e social adecuada, estable e normalizada que garanta o desenvolvemento integral da NNA acollida e a súa plena participación no núcleo familiar e no entorno social.
- f) Non existir nas historias persoais circunstancias persoais, familiares ou sociais non superadas na actualidade e que impliquen risco para a NNA .
- g) Amosar flexibilidade nas actitudes e adaptabilidade ás situacións novas.
- h) Comprender a dificultade inherente á situación da NNA .
- i) Respetar e aceptar a historia persoal e familiar da NNA así como a súa identidade e cultura.
- j) Aceptar e facilitar as relacións entre a NNA e a súa familia de orixe, en particular cos seus





irmáns e, no seu caso, o réxime de visitas establecido polo ETM.

- k) Amosar unha actitude positiva de colaboración e compromiso coa formación e seguimento técnico.
- l) Manifestar unha motivación para o acollemento na que prevaleza o interese superior do neno, nena ou adolescente por parte de todos os membros da familia.
- m) Carecer de antecedentes penais que impliquen grave risco para o benestar, desenvolvemento psíquico ou emocional, ou integridade física da NNA tanto das persoas que se ofrecen para o acollemento como das que convivan de maneira permanente no domicilio.

3.4.2. Criterios xerais da valoración da adecuación

- a) Que dispoñan de vivenda adecuada en aspectos de habitabilidade, hixiene, distribución, número de persoas que conviven nela e posibilidade de acceso aos equipamentos comunitarios. Estar, no seu caso, adaptada a persoas con mobilidade reducida.
- b) Que dispoñan de medios de vida suficientes.
- c) Que as persoas que se ofrezan para o acollemento disfruten dun estado de saúde física e psicolóxica compatible co desenvolvemento de actividades básicas da vida diaria que garantan a adecuada atención ao neno, nena ou adolescente e non prexudique o seu desenvolvemento.
- d) Que presenten autonomía na toma de decisións, capacidade afectiva, madurez emocional, tolerancia á frustración e habilidades persoais suficientes para exercer adecuadamente as funcións e responsabilidades inherentes á garda.
- e) Que posúan actitudes e aptitudes, dispoñibilidade, expectativas e motivacións adecuadas sen condicionamentos familiares, morais ou sociais que posibiliten a atención da NNA.
- f) Que dispoñan de capacidades e habilidades educativas, que teñan en conta criterios de corresponsabilidade necesaria de homes e mulleres no coidado dos/as nenos, nenas ou adolescentes e a necesidade de establecer relacións familiares dende a igualdade.
- g) Que dispoñan de habilidades persoais para abordar e adaptarse a situacións novas que se poidan producir como consecuencia do acollemento.
- h) No caso de parellas, que exista vontade compartida de aceptación do acollemento.
- i) Que as persoas que convivan no domicilio participen das actitudes, aptitudes, habilidades, capacidades, expectativas, motivacións e vontade xeral para o acollemento familiar e manteñan coas persoas acollidas unha relación de convivencia adecuada.
- j) Que presenten actitudes e dispoñibilidade para comprender e aceptar os feitos diferenciais de ser persoa acollidora e capacidade para facerlle fronte de maneira adecuada.
- k) Que comprendan e teñan capacidade de entender a dificultade que entraña para a persoa acollida incorporarse a unha nova familia e establecer un vínculo emocional para compensar ou reparar o dano previo.
- l) Que as persoas que se ofrecen para o acollemento teñan capacidade para asumir o carácter temporal e favorecer o tránsito cara a reintegración ou cara outra medida de protección.
- m) Respecto ás diferencias étnicas, lingüísticas, culturais, sociais así como aos seus antecedentes persoais e familiares.
- n) Que exista disposición a favorecer a relación entre a NNA e a familia de orixe cando esta se considere necesaria.
- o) Que existan apoios externos no entorno.
- p) Que teñan unha actitude positiva e disposición cara á formación, ao asesoramento e á orientación.





- q) Que a diferenza de idade entre os acolletores e a nena, neno ou adolescente permita, tanto no momento de levar a cabo o acollemento como no futuro, dar unha resposta axeitada ás necesidades do neno, nena ou adolescente. Tanto no caso de familia extensa como allea a diferenza de idade, como criterio xeral, non debe ser inferior a 25 anos. No caso de extensa non deberá ser superior a 55 anos. No caso da familia allea, daráselle prioridade, en caso de estar dispoñibles varias familias apropiadas, a aquelas na que a diferenza entre a persoa de menor idade que se ofrece e o/a neno, nena ou adolescente non sexa superior a 45 anos. En caso da existencia de fillos na familia acollidora, a NNA acollida, salvo excepcións debidamente motivadas, deberá ser de menor idade que estes.

Polo tanto, na valoración da adecuación, tanto en familia allea como extensa, debe quedar recollida a historia persoal, a situación familiar e a aptitude educadora, a capacidade para atender adecuadamente as necesidades de toda índole da NNA, a congruencia entre a súa motivación e a natureza e finalidade do acollemento ao que se dirixe, así como a disposición a facilitar o cumprimento dos obxectivos do Plan Individualizado de Protección e, de haber, do Programa de Reintegración Familiar.

As áreas de estudo comprenden tanto aspectos psicolóxicos, pedagóxicos como sociais e no informe deben recollese os seguintes contidos:

- Datos de identificación da familia avaliada
- Datos de identificación da nena, neno ou adolescente que se pretende acoller, se se trata dunha persoa concreta (nome, apelidos, data nacemento, número de expediente, situación administrativa e relación de parentesco coa familia solicitante)
- Metodoloxía utilizada
- Situación sociofamiliar:
 1. Composición do núcleo de convivencia
 2. Relación de parella (avaliación psicolóxica, psicopedagóxica e social dinámica familiar - avaliación social), tempo de convivencia, fillos, idades, si os fixeron partícipes da decisión e a súa opinión, crises, rupturas, dificultades que xurdirán e forma de afrontalas en parella, principais temas de discusión, modo de resolver os conflitos, ocio en parella, actividades de ocio compartidas, actividades reforzantes individuais e tempo que lle dedican, organización da vida cotiá, afectación pola presenza dun neno/a, capacidade e posibilidades de reorganización.
 3. Historia familiar de cada unha das persoas avaliadas, incluíndo condutas aditivas, malos tratos, abusos... De darse estes aspectos, convén realizar entrevistas individuais, dado o impacto na persoa valorada. Trátase de información relativa a datos moi persoais (historia de vida, infancia, adicción...), que non deben abordarse na primeira entrevista), pola necesidade de ter creado un clima de confianza mínimo e seguridade que garanta a colaboración.
 4. Relación previa co neno así como coa súa familia de orixe. Avaliar si se presentaron como axentes de protección, e historia das relacións familiares (existencia ou non de conflictividade e habilidade e recursos para preservar ao neno/a).
 5. Apoio familiar, resposta que deron as persoas do seu entorno cando coñeceron o proxecto de acollemento e que apoio esperan recibir delas, experiencias do entorno familiar e social. Facer especial fincapé en familias monoparentais.
 6. Situación económica, laboral e estabilidade laboral e económica, satisfacción no traballo, períodos vacacionais, hábitos laborais, responsabilidade no traballo, baixas, motivos, horarios, posibilidade de conciliación.





7. Vivenda, condicións de habitabilidade, número de habitacións, equipamento básico (mobles, calefacción, electrodomésticos..), dispoñibilidade de espazos, ámbito rural/urbano, características da zona, acceso a servizos...
 8. Situación sanitaria.
 9. Ocio e tempo libre. Pertenza a movementos asociativos, veciñais; afeccións e intereses persoais; emprego do tempo libre os fines de semana e vacacións. Confirmar se ten cabida a NNA acollida e se son conscientes da afectación que lles vai a supor.
 10. Actitude e motivación cara o acollemento.
 11. Motivación: Como xurde a idea, por parte de quen, reacción do outro, comprobar se se trata dun proxecto compartido pola parella e a implicación e compromiso de cada un deles, en quen recae o peso do día a día, comprobar si hai incompatibilidade entre as expectativas de ambos, como se profundou no coñecemento do recurso, coñecemento de experiencias, valoración que realiza, diferenza entre adopción e acollemento. En definitiva, congruencia entre a motivación e a finalidade do acollemento segundo a modalidade deste.
 12. Actitude de respecto e comprensión cara á historia persoal e familiar da NNA acollida, coñecemento das características dos nenos, nenas ou adolescentes e familias atendidas no Servizo de Protección de Menores, aceptación da presenza da familia biolóxica e os posibles contactos, aceptación do seu papel facilitador da reintegración da persoa acollida na súa familia de orixe.
 13. Entendemento da confidencialidade da historia da nena, neno ou adolescente.
 14. Competencias educativas. Identificar e dar cobertura ás necesidades emocionais do neno/a, e actitude receptiva das intervencións dos técnicos, profundar en caso de que manifesten interese en acollementos de nenos, nenas ou adolescentes con necesidades especiais.
 15. Características de personalidade: Os resultados da proba psicométrica, se se realizou, deben integrarse na exploración psicolóxica que se realice. Coñecer si existen antecedentes de psicopatoloxía.
 16. Evolución dos candidatos respecto ao coñecemento do recurso. Adecuación das expectativas á realidade ou se manteñen expectativas idealizadas. Isto vainos permitir coñecer a súa capacidade de reflexión, a súa rixidez cognitiva, se ponderaron os seus recursos persoais,...
- Valoración e conclusións. Deben ser claras e concretas sinalando os factores favorecedores e a existencia de factores de risco.

No caso de considerarse necesario poderán solicitarse os informes técnicos precisos para completar a valoración.

No informe de valoración da adecuación da familia para o acollemento deben integrarse todos os datos psicolóxicos e sociais.

3.5. PROPOSTA E RESOLUCIÓN

Na proposta de resolución, que se baseará no informe psicosocial, psicopedagóxico e social, debe quedar constancia de forma clara dos factores de risco e dos protectores do acollemento que se constataran. A proposta debe estar fundamentada nos factores que motivaron a adecuación ou non adecuación para o acollemento así como a repercusión que estes factores teñen na atención e benestar da nena, neno ou adolescente. Deberá constar explicitamente a súa adecuación ou non adecuación.

a) Considéranse factores protectores:





- Motivación adecuada. Dolo resolto (no caso de imposibilidade de ter descendencia biolóxica).
- Aceptación incondicional da NNA de idade con respecto á súa identidade familiar, cultural, de relixión, de xénero e de crenzas, idade, condición sexual. Comprensión da dificultade que entraña a situación para a persoa acollida.
- Actitude favorable cara a familia biolóxica e aceptación dos contactos e vínculos que no seu caso deba manter.
- No caso de parellas, relación estable e consolidada, con habilidades de comunicación e de resolución de conflitos. Inclusión do acollemento no proxecto de vida familiar. Similar grao de compromiso nos dous membros da parella. Aceptación e participación do resto dos compoñentes da unidade familiar.
- Rede de apoio familiar e social, especialmente nas familias monoparentais. Persoas integradas no entorno, con capacidade e interese por facilitar o proceso de socialización da NNA.
- Capacidade de reflexión e receptividade ás indicacións técnicas. Colaboración co seguimento e co Plan Individualizado de Protección Intervención que se implante.
- Estilo educativo compatible coa crianza dunha nena, neno ou adolescente, suficiente repertorio de estratexias educativas e adecuación ao momento evolutivo e necesidades do neno/a, adolescente.
- Valoración psicolóxica: boa capacidade adaptativa, tolerancia á frustración, capacidade empática e sensibilidade, equilibrio emocional, capacidade para establecer vínculos de apego, capacidade para resolver problemas e flexibilidade.
- Clima familiar: ambiente pautado, organizado e estimulante. Distendidas relacións entre os membros. Relacións familiares cálidas.
- Situación social favorable (laboral, económica, saúde e vivenda).

No caso de familia extensa e achegados:

- Actuacións previas de protección co neno.
- Aceptación e comprensión da problemática dos proxenitores.
- Manter unha relación non conflitiva coa familia de orixe da nena, neno ou adolescente.

b) Factores de risco e motivos de denegación da adecuación como familia de acollida:

- Motivación inadecuada, incompatible coa finalidade do acollemento, cos distintos obxectivos que pode ter o Plan Individualizado de Protección intervención ou con respecto á identidade familiar e aos vínculos da persoa acollida. Actitude negativa cara á familia biolóxica e cara aos posibles contactos coa mesma.
- Candidatos e candidatas que non estean dispostos a facilitar a plena participación da NNA acollida na vida familiar.
- No caso de familia extensa e tratándose de acollementos permanentes, distancia xeracional acusada ou demasiado pequena (mais de 55 e menos de 25 anos de diferenza), cando non se conta con outros apoios familiares próximos, efectivos e perdurables. No caso de familia allea, inadecuación da etapa vital das persoas solicitantes coa modalidade de acollemento á que se dirixe.
- Condicións sociais desfavorables. No caso de non contar con ingresos, é preciso denegar o acollemento, e no caso de que exista risco, indicar os apoios que precisaría a familia.
- Candidatos que non contan coas aptitudes ou coas condicións persoais, familiares, ou materiais precisas para dar cobertura ás necesidades asistenciais, educativas, e afectivas do





nenos.

- Condicións psicolóxicas ou psíquicas non adecuadas, persoas que viviran episodios ou situacións traumáticas con afectación emocional significativa que na actualidade non estean superadas.
- Clima familiar inadecuado para o desenvolvemento psicosocial, psicoeducativo e social da NNA acollida.
- Que non acepten o seguimento ou non estean dispostas a colaborar coas intervencións técnicas.
- Calquera circunstancia debidamente constatada que resulte incompatible coa necesaria atención da persoa acollida.
- No caso de familia extensa, que haxa un rexeitamento explícito ou un temor evidente cara o seu entorno. Presenza de expectativas ríxidas respecto da nena, nenou ou adolescente ou respecto da súa orixe socio-familiar.
- Conflitividade elevada entre proxenitores e acolletores que poda dar lugar á instrumentalización da NNA a converter ao neno, nena ou adolescente nun obxecto de disputa
- Existencia de violencia física ou psicolóxica na parella solicitante ou no seu contexto familiar.
- Existencia de graves problemas persoais nos solicitantes en áreas de: idade, saúde física, saúde mental, características psicosociais e situación xurídica.
- As persoas que se ofrecen para o acollemento condicionan o seu proxecto de acollemento familiar á aceptación ou rexeitamento de nenos, nenas ou adolescente con determinados trazos/características físicos, fisionómicos, étnicos ou raciais ou o rexeitamento ou elección dun determinado sexo (agás casos xustificados para organización da convivencia como a distribución de dormitorios cos propios fillos do mesmo sexo) ou unha procedencia socio-familiar determinada.
- Calquera conduta que implique ocultación, falseamento ou obstrución á instrución do expediente ou unha negativa a participar en calquera das entrevistas ou sesións formativas do proceso de selección.

c) Outros factores de risco poden ser, segundo a consideración técnica do equipo que efectúe a valoración:

- Falecemento dun dos membros da parella ou ruptura desta.
- Incorporación dunha nova parella.
- Estar esperando o nacemento dun bebé, ou incorporarse a un proceso de adopción ou estar someténdose a técnicas de reprodución asistida
- Insuficiencia sobrevida de recursos económicos.
- Desprazamento temporal fóra da Comunidade Autónoma.
- Tratamentos médicos.
- Falecemento dunha persoa significativa.
- Necesidade de atención a familiares por ingresos hospitalarios durante períodos prolongados, outras doenzas graves.

Unha vez feita a proposta por parte do ETM, a Xefatura Territorial elaborará unha resolución na que figure a adecuación ou non adecuación dos solicitantes, con indicación dos recursos pertinentes.





As adecuacións revisaranse cada tres anos. Esta revisión implicará a actualización no expediente da documentación tida en conta na tramitación que variase no dito período. O Servizo de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Xefatura Territorial que corresponda requiriralle á familia a actualización da documentación establecida no punto 3.3. desta circular. Cando unha familia declarada adecuada estea en situación de espera voluntaria durante dous anos, emitirase resolución de baixa no programa, co obxectivo de manter actualizado o banco de familias acolledoras. Esta resolución emitirase de oficio pola Xefatura Territorial que corresponda tras o trámite de audiencia á familia acollidora. A familia poderá solicitar motivadamente unha prórroga dun ano (ata un máximo de tres) na situación de espera voluntaria cando se agarde unha rápida modificación das circunstancias que a causaron. Esta baixa non se terá en conta de forma negativa en caso de que a familia solicite incorporarse de novo ao programa.

Cando unha familia en situación de espera rexeita tres ou mais propostas de acollemento axustadas ao seu perfil sen motivo xustificativo, poderase solicitar resolución de baixa do programa.

As propostas de baixa do programa poden ser iniciadas pola familia acollidora, o ETM, Cruz Vermella, Aldeas Infantiles ou outros programas que se poidan desenvolver, no caso de familia allea.

3.6. ASIGNACIÓN DE FAMILIA

Para a asignación da familia á/a o neno, nena ou adolescente teranse en conta os seguintes criterios xerais:

- Acollemento previo de irmáns.
- Existencia de convivencia ou relación previa significativa e positiva para o neno, nena ou adolescente.
- Existencia de recursos no entorno.
- Coñecemento da lingua habitual de uso do neno, nena ou adolescente.
- Maior adecuación das circunstancias familiares ou sociais coas necesidades do neno, nena ou adolescente .
- Conveniencia de afastar ou manter á NNA no entorno socio-comunitario no que se desenvolveu.

Estes criterios teñen que ser valorados e ponderados conforme aos principios de necesidade e proporcionalidade atendendo sempre ao interese superior da NNA. Aplicaranse de forma flexible, de acordo cunha motivación técnica na procura do interese superior de NNA, cando se trate dun acollemento dunha NNA con necesidades especiais. A aplicación ou dispensa destes criterios deberá quedar recollida no expediente.

3.7. PERÍODO DE TRANSICIÓN

No caso de que sexa necesario un período de convivencia previa de transición ou de axuste do neno, nena ou adolescente coa familia emitirase unha resolución contemplando a medida que subxace (tutela ou garda) e o recurso provisional (permiso de convivencia, solo no caso de familia extensa) que dean cobertura legal á situación do neno, nena ou adolescente. O período de transición tamén contará con compensación económica.

O período de convivencia terá unha duración máxima de 2 meses prorrogable, por causa xustificada e excepcional, ata un máximo de 4 meses. Este prazo poderá estenderse unicamente debido á falta de informes preceptivos (médico, social, policial) previa autorización do Servizo de Protección de Menores da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

Logo dun permiso de convivencia emitirase unha nova resolución, cuxa data coincidirá co contrato de acollemento, segundo o indicado no apartado seguinte (formalización).





A duración do período de transición debe adaptarse ás necesidades da nena, neno ou adolescentes, en especial aquelas que se deriven da idade.

3.8. FORMALIZACIÓN.

Unha vez que se dispoña dos consentimentos do neno, nena ou adolescente, no seu caso, e da familia acollidora, farase a proposta de acollemento por parte do Equipo Técnico do Menor (ETM) e unha posterior resolución. As propostas de acollementos permanentes deben estar sustentadas na medida de tutela.

No expediente constarán os datos persoais, motivo da actuación, valoración da problemática, modalidade e tipo de acollemento, plan de traballo coa familia biolóxica, de ser o caso, a nena, neno ou adolescente e a familia de acollida. Tamén se deberá especificar, de ser o caso, a proposta de compensación económica especial e xustificación da súa necesidade na que se incluírán os custos orixinados pola atención ao neno, nena ou adolescente. A compensación económica especial debe atender sempre as necesidades da nena, neno ou adolescente, que se deberán xustificar documentalmente.

Aos acolledores entregaráselles unha copia da resolución na que queden preservados datos relativos a terceiras persoas, así como un informe no que consten os datos necesarios para asumir a garda de forma adecuada sobre as medidas e o plan individual de protección establecidas para a nena, neno ou adolescente.

Xunto coa resolución formalizarase un contrato (segundo o Anexo VI), coa mesma data que aquela, que será a data que se considere como de inicio do acollemento. No caso de que ambos documentos non poidan ter a mesma data, figurará na resolución a vixencia dos seus efectos.

O Equipo Técnico do Menor, deberá garantir que a familia acollidora entenda todos os termos do dito contrato e aclarará, **previamente** á súa sinatura, as posibles dúbidas que lles xurdan aos acolledores ou ao neno, nena ou adolescente na lectura completa do contrato. Se os pais consenten o acollemento asinarán a súa conformidade segundo o modelo do ANEXO V. Se non o consenten poderán manifestalo en comparecencia escrita.

O cambio de retribución por cambio de tramo de idade da NNA acollida non suporá variación do contrato.

Ademais dun exemplar do contrato asinado entregaráselle aos acolledores:

- - Copia electrónica e cinco copias en papel do certificado de acollemento familiar segundo modelo do ANEXO VII que lles permita realizar diversos trámites (concello, centro médico, colexio, ...) e realizar viaxes vía terrestre, fluvial ou marítima no territorio nacional. Neste documento, agás que se prevexa que o acollemento vai durar menos dun ano, certificarase que o acollemento se prevé que terá unha duración non inferior a un ano.
- - Autorización aberta para viaxar a Portugal (pola frecuencia de viaxes ao país veciño).

3.9. SEGUIMIENTO E FORMACIÓN CONTINUA

Cada expediente de acollemento temporal de nenos ou nenas de menos de tres anos deberá revisarse cada tres meses, e se ten máis de tres anos, cada seis meses (Art.12.6 L.O. 1/96). Nos acollementos permanentes a revisión terá lugar durante o primeiro ano cada seis meses, e a partires do primeiro ano, cada doce meses.

Por outra parte, informarse ao Ministerio Fiscal cada seis meses, segundo está recollido no artigo 174.2 do Código Civil.

O seguimento referirase aos aspectos do eido sanitario, psicolóxico, social, familiar, convivencial coa familia acollidora, educativo, e económico.

Cando se trate de acollemento en familia allea, o ETM levará a cabo polo menos unha vez ao ano unha entrevista individual coa nena, neno ou adolescente, e outra coa familia acollidora. As entrevistas





realizaranse, sempre que as circunstancias o permitan nun lugar de seguridade para as nenas, nenos ou adolescentes, prioritamente o fogar familiar.

3.9.1 Formación continua:

Ademais da formación inicial, e logo da valoración da adecuación da familia para o acollemento, levaranse a cabo sesións temáticas. As familias deberán de forma obrigatoria recibir oito horas de formación cada ano, que poderán acreditarse tanto con actividades organizadas polo programa de acollemento en familia allea ou extensa como con formación organizada por outras entidades e relacionada co ámbito da infancia e da adolescencia. O ETM poderá dispensar de forma motivada desta obriga a unha familia en atención a circunstancias excepcionais, sempre que non se vexa afectado o interese superior de nenas, nenos ou adolescentes.

As temáticas poderán ser propostas polas familias acolledoras para dar respostas ás súas necesidades. En particular, o ETM fomentará a formación continua de persoas acolledoras en familia extensa cando exista unha diferenza de idade moi elevada ou se detecten déficits en capacidades educativas.

Algunhas das temáticas, en relación non exhaustiva:

- Problemas de conduta na infancia e na adolescencia.
- Abuso sexual/ tipos de maltrato, sintomatoloxía, secuelas.
- Problemas no desenvolvemento madurativo.
- Prevención do consumo de drogas e adición a novas tecnoloxías.
- Prevención contra violencia de xénero.
- Características dos nenos/nenas vítimas de desprotección, dano emocional. Resiliencia
- Apego. Trastornos do vínculo.
- Características físicas e emocionais da adolescencia.
- O dobre vínculo, conflito de lealdade
- A despedida. Preparación para o cese do acollemento principalmente en familia allea. Libro de vida, historia de vida, carta de despedida /obxectos)

3.10. CESAMENTO E FINALIZACIÓN DO ACOLLEMENTO:

3.10.1 O cesamento do recurso de acollemento familiar poderá ter lugar, sempre previa resolución ditada para o efecto, cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Que se considere necesario para salvagardar o interese superior da NNA, por considerarse máis adecuado á súa situación.
- b) Que o interese superior da nena, do neno ou adolescente aconselle a adopción doutra medida de protección máis estable ou definitiva.
- c) Que concorra un incumprimento grave ou reiterado dos compromisos, deberes e obrigacións que adquiriu a familia acollidora.
- d) Que sexa proposto polo Ministerio Fiscal.
- e) Que se solicite pola familia acollidora, pola NNA de idade acollida, se ten doce anos, ou polos proxenitores que non se atopen privados da patria potestade ou o titor ou a titora, a condición de que non se lle removera a tutela, e se consideren en condicións de asumir novamente a patria potestade ou a tutela, de conformidade co establecido no artigo 172.2 do Código Civil. Neste último caso, débese verificar, previamente, que cambiaron as circunstancias que motivaron a declaración da situación de desamparo e que unha posible reintegración da NNA de idade á familia de orixe resulta beneficiosa para o interese superior





da nena, do neno ou adolescente.

- f) Que se advirta a falta de capacidade ou motivación da familia acollidora para facerse cargo da NNA de idade.
- g) Por morte, declaración de falecemento ou recoñecemento da incapacidade da persoa acollidora única, que lle imposibilite para o desempeño dos compromisos, deberes e obrigacións que adquiriu respecto da NNA de idade. En caso de que o falecemento ou incapacidade afecte a un dos membros da parella acollidora, formalizarase, de ser o caso, a situación a través dunha nova resolución administrativa.
- h) Por conversión dunha modalidade de acollemento familiar temporal en acollemento familiar permanente, se convén ao interese superior da nena, do neno ou adolescente.
- i) Por reagrupamento familiar.
- j) Por ruptura da convivencia ou relación afectivo-sexual, como consecuencia da separación, o divorcio ou a nulidade matrimonial, salvo que proceda unha modificación da medida de acollemento familiar vixente que leve o exercicio conxunto, con carácter compartido, da garda e custodia entre as persoas integrantes da parella. Noutros casos pode manterse o acollemento cun dos membros da parella. En calquera caso, emitirase unha nova resolución administrativa que reflecta a nova situación e modificarase a ficha de familia na aplicación Menor.
- k) Pola non aceptación, pola familia acollidora, das novas condicións da medida de acollemento familiar, ou a falta de comunicación sobre o consentimento ás mesmas.

Antes de que se emita a resolución administrativa correspondente deberán ser oídos tanto as nenas, nenos ou adolescentes como a familia acollidora. Das ditas comparencias deixarase constancia no expediente.

En todo caso, procederá o cesamento inmediato do recurso de acollemento familiar por adopción ou constitución dunha tutela ordinaria (a partir da data de toma de posesión do cargo de titor) sobre a NNA acollida, ou por cumprimento da maioría de idade, emancipación, morte ou declaración de falecemento da NNA acollida.

No expediente quedará recollida comparencia da información sobre as implicacións e efectos da tutela ordinaria para o NNA e os acolledores, segundo o Anexo XV

O cesamento do recurso de acollemento familiar, xa sexa de oficio ou a instancia de parte, esixirá sempre resolución da Xefatura Territorial, que deberá incluír a data de efectos do fin da medida. Emitirase, neste momento, así mesmo, certificado de cese da tutela, de ser o caso, e do acollemento familiar, que permita aos proxenitores a entrega nos distintos centros administrativos para as diferentes xestións (centro médico, escolar...).

3.10.2. Procedemento de transición:

Deberase coordinar por parte do Equipo Técnico do Menor, a cooperación entre as distintas partes implicadas (NNA, familia acollidora, familia de orixe ou adoptiva, segundo corresponda, e técnicos). A planificación do proceso documentarase nun plan de transición que elabore o ETM. Todas as partes implicadas deben recibir e comprender a información necesaria para planificar e poñer en práctica o proceso de finalización. A finalización será supervisada, progresiva e, debería prepararse coa antelación suficiente.

As actuacións que se realizarán dependerán do motivo da finalización:

- A) Retorno á familia:
 - Incrementar progresivamente os períodos de convivencia coa familia de orixe.
 - Facilitar a separación paulatina da familia acollidora.





- Propiciar o mantemento da relación da NNA coa familia acollidora, sempre que sexa adecuado ao interese da nena, neno ou adolescente.
- Anticipar as situacións nas que haberá que acentuar o acompañamento e o soporte emocional.
- Garantir que a familia de acollida coñece o procedemento e os prazos da finalización do acollemento.

B) Adopción:

- Incrementar progresivamente os períodos de convivencia coa familia adoptante.
- Facilitar a separación paulatina da familia de acollida.
- Garantir que o tránsito se fai co tempo e co coidado que necesite o neno, nena ou adolescente.
- Terase en conta o protocolo de transición de acollemento familiar ou residencial a adopción para nenas, nenos e adolescentes aprobado pola Dirección Xeral.

C) Emancipación-maioría de idade:

- Preparar ao neno, nena ou adolescente para a vida autónoma, proporcionándolle programas de emancipación e preparación para a vida independente e garantíndolles o seguimento socio-educativo, atendendo ás súas particulares características e circunstancias persoais e sociais, favorecendo a súa autonomía, inserción sociolaboral e apoio psicolóxico.
- Facilitar a xeración de acordos respecto ao proxecto de futuro.
- Respetar as decisións da NNA e facilitar o seu empoderamento na toma de decisións sobre o seu futuro.
- Facilitar á NNA o coñecemento da rede de recursos para a emancipación.

D) No caso de interrupción imprevistas:

- Buscar alternativas e recursos de inmediatez que minimicen os efectos da ruptura. A actuación nestes casos centrara en minimizar os efectos negativos que a situación poda ocasionar no neno, nena ou adolescente, dándolle unha explicación clara e suficiente das razóns que levaron a esa situación, valorando as alternativas existentes para preparar e planificar de forma adecuada a intervención a seguir.
- Identificar as causas que motivaron a interrupción.
- Traballar os posibles sentimentos de culpa que poidan xurdir en todas as partes implicadas.
- Valorar, se fora posible, o momento máis axeitado para a suspensión da convivencia.
- Incrementar o soporte e acompañamento á NNA e á familia.

Neste proceso de finalización haberá actuacións que se dirixan ao neno, nena ou adolescente e outras dirixidas á familia acollidora.

As actuacións a levar a cabo en **canto ao neno, nena ou adolescente** serán:

- Adecuar os tempos ás necesidades do neno, nena ou adolescente.
- Servir de soporte emocional á NNA en todo o proceso.
- Facilitar a expresión das súas emocións, opinións e dúbidas.
- Xestionar os sentimentos de pertenza.
- Facilitarlle a comprensión da súa nova situación e incorporación á súa historia persoal.





- Proporcionar unha información adecuada e suficiente do cambio que vaia a producirse.
- Garantir a súa participación na toma de decisións en función da súa madurez.
- Reestruturar os seus vínculos e acomodación das súas expectativas á realidade da nova situación.

En canto á familia acolledora:

- Orientar as intervencións para que a familia acolledora colabore no cesamento do acollemento nas distintas posibilidades de finalización (reintegración coa familia biolóxica, adopción,...).
- A familia acolledora será oída polo ETM antes de que se adopte calquera resolución que afecte ao neno, nena ou adolescente.
- Facilitar que a familia de acollida comprenda a importancia do seu papel na visión positiva que o neno, nena ou adolescente teña desa etapa.
- Acompañar e apoiar á familia acolledora. A estes efectos, proporcionaráselle información adecuada e suficiente do cambio que vai producirse.

4. DURACIÓN

Nun primeiro momento formalizaranse, preferentemente, **acollementos temporais ou de urxencia**, co obxecto de non cronificar a medida, tendo en conta que estas modalidades de acollemento implican a previsión de retorno do neno, nena ou adolescente coa súa familia de orixe a curto prazo ou a adopción doutra medida de protección máis estable.

Como máximo aos 2 anos desde o seu inicio, e unha vez constatada a imposibilidade de que o neno, nena ou adolescente poida volver coa súa familia nun breve período de tempo, formalizárase, previa declaración de desamparo e asunción de tutela pública, un **acollemento permanente** ou adoptárase outra medida, como a adopción.

Cando o acollemento teña unha duración prevista superior a un ano facilitarase a documentación pertinente para que a familia acolledora solicite os permisos aos que teña dereito.

Nos casos de acollementos permanentes (isto é, cando non se prevé a reintegración familiar a medio ou longo prazo e non se considera axeitada a adopción), comunicárase a situación ao Ministerio Fiscal para os efectos de que, se é o caso, promova a tutela ordinaria dos acolledores, promoverase directamente pola Entidade Pública ou instárase aos acolledores para que a soliciten directamente no xulgado (art. 239 do Código Civil). De non ser factible/viable a súa consecución, valorárase a pertinencia de que a Entidade Pública solicite ao xuíz as facultades inherentes á tutela en favor dos acolledores (art.173 bis do Código Civil). É preciso explicarlle con antelación á familia acolledora os beneficios e prexuízos inherentes á tutela ordinaria. En concreto, entre outros, a perda de apoio técnico do ETM e da compensación económica do acollemento familiar, polo que se recollerá unha comparecencia expresa destes termos, segundo se recolle no anexo.

Cada expediente de acollemento familiar temporal de nenos ou nenas de menos de 3 anos deberá revisarse cada 3 meses, e cada 6 meses os dos nenos, nenas ou adolescente de máis de 3 anos.

O acollemento permanente deberá revisarse cada 6 meses durante o primeiro ano e cada 12 meses a partir do segundo.

Os informes correspondentes deberán ser comunicados ao Ministerio Fiscal. Cando en función das ditas revisións se modifiquen os plans individualizados de protección, actualízase a información que sexa precisa á familia acolledora.





MEDIDA DE PROTECCIÓN	PRAZO DE REVISIÓN
Calquera medida de protección non permanente (acollemento de urxencia , acollemento temporal) que se adopte con nenos ou nenas de menos de 3 anos.	CADA 3 MESES
Calquera medida de protección non permanente (acollemento de urxencia, acollemento temporal) que se adopte con persoas nenos ou nenas maiores 3 anos.	CADA 6 MESES
Acollementos permanentes	O primeiro ano, CADA 6 MESES. A partires do segundo ano, CADA 12 MESES

A data límite de revisión da medida debe recollerse no expediente do neno, nena ou adolescente na aplicación MENOR.

5. ACOLLEMENTOS EN FAMILIA EXTENSA

1. Asumida a medida de protección para o neno, nena ou adolescente, o ETM procurará **non separalo do seu medio social**, polo que priorizará o acollemento coa súa familia extensa, sempre que sexa conveniente para o neno e valorada a familia como adecuada.
2. Con esta finalidade, o ETM localizará a aqueles familiares dos que coñeza a súa existencia e que puideran estar en disposición de facerse cargo do neno, nena ou adolescente, así como a aquelas persoas do entorno máis próximo que, sen ser familiares, teñan co neno, nena ou adolescente unha relación estreita (padriños, parella dun familiar, amigos dos pais, etc.). Para asegurar que a situación do neno, nena ou adolescente sexa coñecida polo conxunto da familia extensa, promoverase que os/as familiares coñecidos/as trasladen esta información a outros/as posibles familiares ou persoas achegadas. Para isto empregarase o ANEXO XIV.
3. O prazo para un posible ofrecemento para o acollemento en familia extensa será de dous meses.
4. O ETM entrevistará e **valorará a adecuación** de todos os familiares e achegados que teñan presentado a solicitud analizando, entre outros aspectos, que non existan entre eles e os pais ou titores conflitos non resoltos, co obxecto de que non se use ao neno, nena ou adolescente para reforzar a súa perspectiva de solución. No caso de existir familiares nunha provincia distinta á de residencia do neno, nena ou adolescente, a valoración da adecuación corresponderalle ao ETM da provincia de residencia dos posibles acolledores.

No caso de que os solicitantes non residan na mesma localidade, só se terá en conta a solicitud sempre que se poidan garantir as visitas cos proxenitores que se establezan no plan individualizado de protección.

5. Para a valoración psicosocial e psicopedagóxica dos posibles acolledores faranse, en primeiro lugar, e sempre que sexa posible, **entrevistas** individuais e en segundo lugar, conxuntas. Ademais, realizarase **sempre** unha **visita ao seu domicilio**, co obxecto de comprobar a adecuación daquel. De ser posible, entrevistarase tamén aos fillos dos acolledores para coñecer o nivel de información que teñen sobre o acollemento, a súa aceptación e as posibles repercusións que a incorporación do novo membro terá sobre eles.
6. Tendo en conta que a medida de protección leva consigo a **separación do neno, nena ou adolescente dos seus pais** (salvo excepcións), por non poder estes atendelo axeitadamente, será a familia acolledora a gardadora **única**, tal como se reflicte no documento de formalización do acollemento. É preciso, polo tanto, recordar que os proxenitores non poden vivir no domicilio dos





acolletores.

7. Para cada acollemento o ETM elaborará un **plan individual de protección** revisable nos prazos establecidos no punto 3 desta circular, que incluírá, como mínimo, a seguinte información:
- Historia persoal e familiar, características a destacar, problemática que deu orixe á medida de protección e motivo polo que se considera o acollemento familiar e a familia proposta como o máis idóneo para o neno, nena ou adolescente e a súa situación.
 - Aspectos nos que é preciso intervir para facilitar o retorno do neno, nena ou adolescente.
 - Plan de actuación con obxectivos concretos e temporalizados, coa familia biolóxica, co neno, nena ou adolescente e, se é o caso, coa familia de acollida.
 - Plan de visitas establecidas coa familia biolóxica.
 - Prazo para a revisión do plan individual de protección

Este plan individual de protección deberá estar recollido na aplicación MENOR, que deberá actualizarse e cumprimentarse correctamente, incluíndo todos os aspectos indicados e especificando na aplicación a data de revisión establecida para valorar a evolución acadada ou a necesidade de modificar a intervención (ou o recurso), se é o caso.

Elaborado o plan individual de protección **cítase á familia biolóxica e acollidora no servizo de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica** para expoñerllo

Desde o inicio do recurso, e sempre que sexa posible, traballarase a **reunificación familiar**, mediante:

- O Programa de Integración Familiar (PIF).
- Os servizos sociais comunitarios dos concellos, a través dos seus diferentes programas de educación familiar e/ou intervención familiar.

Para o apoio á familias extensas as Xefaturas Territoriais dispoñen dun **programa específico xestionado pola entidade Aldeas Infantiles**.

Este programa está estruturado en dous servizos que responden ás necesidades do/a/s neno/s, nena/s ou adolescente/s, da familia de acollida e dos proxenitores ao longo do proceso de acollemento:

- **Servizo de apoio especializado:** proporciona atención especializada ás necesidades dos NNA acollidos, das familias acolledoras e dos proxenitores por medio de actuacións de asesoramento e orientación, intervención psicossocioeducativa e actuacións de mediación nas relacións familiares. A duración máxima da intervención recoméndase que sexa de dous anos, e a súa prórroga por un período de 6 meses deberá xustificarse.
- **Servizo de formación:** como complemento do programa establécense unhas sesións informativas iniciais que darán cobertura aos novos acollementos formalizados a nivel autonómico nas diferentes Xefaturas Territoriais, de 12 horas de duración.

O ETM realizará a derivación ao servizo de apoio especializado daquelas familias que estime conveniente tendo en conta a limitación de casos a atender anualmente segundo o convenio de colaboración suscrito con Aldeas Infantiles. Esta derivación contará cun plan individualizado de intervención no que figurarán uns obxectivos e temporalización concreta.

Ao servizo de formación derivaranse aquelas familias que o ETM considere necesario. Para tal fin, o ETM explicará as familias a necesidade de realizar a preparación necesaria para afrontar con éxito o acollemento. O modelo de derivación consta no ANEXO XIII.





6. ACOlLEMENTOS EN FAMILIA ALLEA

1. **Nos casos nos que non exista (ou non sexa conveniente) familia extensa** que poida acoller ao neno, nena ou adolescente, buscarase unha familia acollidora allea. Así mesmo, acudirase á familia allea para a realización dun acollemento de urxencia mentres se valora a medida de protección que proceda ou mentres non haxa familia extensa valorada adecuada. Non se formalizarán permisos de convivencia en familia allea. Non se levarán a cabo acollementos de fin de semana e vacacións que non estean formalizados a través de resolución e o correspondente contrato.
2. As Xefaturas Territoriais da Consellería de Política Social e Xuventude realizarán as seguintes actuacións administrativas nun procedemento de acollemento en familia allea, sempre tendo en conta as fases xerais do acollemento establecidas no punto 3 desta circular (información – formación – ofrecemento - valoración).
3. O persoal administrativo do Servizo de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica de cada Xefatura Territorial, analizará a solicitude de ofrecemento e requirirán, no caso de que sexa preciso, a emenda ou aclaración de calquera documentación ou requisito preciso para continuar co procedemento, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.
4. Toda a documentación será remitida aos técnicos do Programa de acollemento familiar en familia allea de Cruz Vermella, de Aldeas Infantiles (no caso de acollemento familiar especializado con dedicación exclusiva) ou outros programas que se poidan desenvolver para que no prazo de dous meses emita informe ao respecto.
5. Unha vez recibidos os informes dos técnicos de Cruz Vermella, Aldeas Infantiles ou doutros programas que se poidan desenvolver, que deberán acompañarse dun certificado de asistencia e aproveitamento das sesións de formación inicial (de acordo co punto 3.3.1 desta circular) o ETM citará á familia para a súa valoración.
6. Á vista de toda a documentación, dos informes da entidade colaboradora e o resultado da valoración, o ETM realizará a proposta sobre a adecuación dos solicitantes para ser familia acollidora. Esta proposta deberá realizarse dentro do prazo de tres meses desde o ofrecemento.
7. A xefatura territorial asinará resolución sobre a adecuación dos solicitantes para formar parte da rede de familias acollidoras. Esta resolución será notificada aos solicitantes e comunicada aos técnicos do Programa de familias acollidoras da entidade colaboradora.
8. Para a selección dunha familia para un neno, nena ou adolescente concreto, o ETM **comunicaralle a Cruz Vermella ou Aldeas Infantiles (no caso de acollemento familiar especializado con dedicación exclusiva) ou outros programas que se poidan desenvolver** por correo electrónico, **a información relativa ao neno, nena ou adolescente**, segundo o modelo de **Solicitud de familia acollidora para neno, nena ou adolescente concreto** do **ANEXO III**, para que esta seleccione, entre as familias valoradas positivamente para o acollemento, aquelas que, previsiblemente, o poidan atender máis axeitadamente.

Esta información enviarase posteriormente por rexistro electrónico para deixar constancia da súa remisión.

En ningún caso se enviará a Cruz Vermella ou Aldeas Infantiles (no caso de acollemento familiar especializado con dedicación exclusiva) ou outros programas que se poidan desenvolver o expediente do neno, nena ou adolescente.

Recibida a solicitude por escrito, Cruz Vermella ou Aldeas Infantiles (no caso de acollemento familiar especializado con dedicación exclusiva) ou outros programas que se poidan desenvolver terá un prazo máximo de **10 días** para enviar ao ETM un informe coa **familia seleccionada** para ese neno, nena ou adolescente concreto, indicando as súas características e os compromisos acadados con ela.

No caso de que Cruz Vermella ou Aldeas Infantiles (no caso de acollemento familiar especializado con dedicación exclusiva) ou outros programas que se poidan desenvolver non dispoña de **ningunha familia axeitada** para ese/a neno, nena ou adolescente, **comunicaráo por escrito** ao Servizo de



Familia, Infancia e Dinamización Demográfica no mesmo prazo de **10 días**. A nena, neno ou adolescente quedará en situación de espera de acollemento. En canto a entidade colaboradora dispoña na rede dunha familia axeitada, remitirá ao ETM o informe coa familia seleccionada, no mesmo sentido que o indicado no parágrafo anterior.

O **ETM, previamente** ao inicio do acollemento, **deberá reunirse coa familia acolledora**, co obxecto de coñecerla, constatar a súa adecuación e explicarlle aqueles aspectos relevantes para o desenvolvemento do acollemento. Así mesmo, se a complexidade do caso o esixe e o ETM o estima conveniente, poderá contactar ou entrevistar á familia acolledora durante o acollemento.

O ETM e os técnicos de Cruz Vermella ou Aldeas Infantiles (no caso de acollemento familiar especializado con dedicación exclusiva) ou outros programas que se poidan desenvolver comunicaranse mutuamente todo contacto que manteñan coa familia para evitar duplicidade de actuacións e informacións.

A **presentación entre os pais ou titores e os acolledores**, nos casos nos que se estime axeitada e conveniente, realizarase nos servizos de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da provincia, coa presenza do ETM de Cruz Vermella ou Aldeas Infantiles (no caso de acollemento familiar especializado con dedicación exclusiva) ou outros programas que se poidan desenvolver.

9. O ETM deberá establecer un plan individual de protección (igual que nos acollementos con familia extensa), do que informará a Cruz Vermella ou Aldeas Infantiles (no caso de acollemento familiar especializado con dedicación exclusiva) ou outros programas que se poidan desenvolver. Á familia acolledora daráselle traslado dun informe no que consten os datos necesarios para asumir a garda de forma adecuada sobre as medidas e o plan individual de protección establecidas para a nena, neno ou adolescente. Así mesmo, colaborará no seguimento dos acollementos que deben realizar o persoal técnico das entidades colaboradoras, para o que fixará reunións trimestrais cos seus equipos técnicos. Estas reunións poderán ter unha periodicidade menor, segundo o criterio do ETM en atención ao interese superior do neno, nena ou adolescente.
10. O **ETM traballará e contactará coa familia de orixe** para tentar acadar a reunificación familiar (sempre que sexa posible), utilizando para iso os mesmos recursos que no acollemento en familia extensa (PIF e programas de educación/intervención familiar dos concellos). Ademais, algúns programas como os de acollemento especializado con dedicación exclusiva (Aldeas Infantiles) inclúen nas súas prescricións técnicas o apoio dos seus equipos técnicos no traballo coas familias de orixe, co obxecto de evitar a duplicidade de intervencións coas familias.
11. A familia acolledora debe colaborar no mantemento e reforzo dos vínculos afectivos coa familia de orixe do neno, nena ou adolescente; Cruz Vermella, Aldeas Infantiles (ou outras entidades que xestionen este tipo de programas) e o ETM fomentarán a relación entre ambas, sempre que sexa posible e conveniente. Facilitarase o traballo entre familia de orixe e allea no beneficio dos nenos e nenas mediante o emprego dos medios técnicos precisos. Este aspecto explicarase sempre no momento da formalización do acollemento.
12. A remisión de informes axustarase aos prazos establecidos pola lei e recollidos no punto 3.9 e 4 desta circular.

7. COMPENSACIÓN ECONÓMICA DOS ACOLLEMENTOS

7.1. A compensación económica dos acollementos familiares, **corresponderalle ao Servizo de Protección de Menores**, coa colaboración das Xefaturas Territoriais da consellería, segundo o procedemento que se recolle neste apartado.

7.2. Contías a abonar ás familias acolledoras (familia extensa e allea):

a) Acollementos ordinarios





Idade do NNA	Mes	Día
< 1 ANO	600 €	20,00 €
1-3 ANOS	400 €	13,33 €
3-17 ANOS	350 €	11,67 €

Estes tramos deben interpretarse como segue:

- < 1 ANO: desde que o neno, nena ou adolescente nace ata o día anterior a que cumpre 1 ano.
- 1-3 ANOS: desde o día no que cumpre 1 ano ata o día anterior a cumprir 3 anos.
- 3-17 ANOS: desde o día que cumpre 3 anos ata o día anterior a cumprir 18 anos.

O cambio no tramo de compensación económica faise efectiva o mes seguinte a aquel no que o neno ou adolescente cumpre anos.

b) Acollementos especiais:

Para os acollementos especiais, a contía da compensación económica establecerase en función dos custos adicionais que se prevexan en función das especiais necesidades médicas, educativas, etc., do NNA que **deberán xustificarse** na proposta.

A **contía máxima** a aplicar por mes, será de **1.000 €**, atendendo á valoración técnica.

A compensación económica destes acollementos **deberá revisarse polo menos semestralmente**.

Non se establece unha contía fixa para os nenos, nenas e adolescentes migrantes non acompañados. O equipo técnico valorará cada caso e determinará a tipoloxía da retribución. Non obstante, aquelas familias que xa viñan percibindo unha compensación económica especial por este concepto, poderán continuar percibíndoa na mesma contía.

En casos excepcionais e debidamente xustificadas e autorizadas polo Servizo de Protección de Menores, poderase compensar de forma especial e extraordinaria un acollemento familiar. Para iso o Servizo de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica que corresponda enviará unha proposta motivada por Rexistro electrónico ao Servizo de Protección de Menores. Unha vez autorizado por este poderá incluírse na listaxe mensual cunha anotación explicativa.

c) Acollementos especializados con dedicación exclusiva

A remuneración dos acollementos especializados con dedicación exclusiva, cuxo programa xestiona Aldeas Infantiles, comprenderán, por unha parte, a compensación á familia, que depende do convenio colectivo da dita entidade e, por outra, da compensación pola manutención do/s neno/s, nena/s ou adolescente/s, que ascenderá, con independencia da súa idade, a 450 euros (15 euros día).

7.3. Documentación que debe achegar a familia acollidora para o abono das compensacións económicas

Para que unha familia poida cobrar unha compensación económica polo acollemento dun neno, nena ou adolescente, deberá presentar, á súa elección:

- Declaración responsable cos datos da conta corrente na que desexa que se faga o pagamento.
- Fotocopia da cartilla da dita conta corrente ou
- Certificación bancaria orixinal.

7.4 Data de inicio e de fin do pagamento:





As compensacións económicas só se pagarán a partir da data de vixencia establecida no documento de formalización do acollemento (ou data de efectos do permiso de convivencia sinalada pola resolución correspondente) que os acorde. Porén, o día da finalización do acollemento non se contabilizará como día a aboar á familia acolledora.

Nos acollementos de fins de semana e vacacións, contabilizaranse as noites que o neno, nena ou adolescente pernocte.

Nos acollementos de día ou noite, con independencia da hora na que se inicie e remate a estancia do/da neno, nena ou adolescente coa familia acolledora, aboarase o día completo.

Para poder aboar as compensacións económicas é imprescindible que o neno, nena ou adolescente teña aberto o recurso de acollemento familiar ou permiso de convivencia na aplicación MENOR na data desde a que se solicita a compensación económica, ademais de contar coa correspondente resolución e ter formalizado, de ser o caso, un documento de formalización do acollemento coa familia acolledora (ningún neno, nena ou adolescente pode convivir coa familia acolledora sen ter formalizado ningún destes documentos – no caso do permiso de convivencia só a resolución).

7.5. Acollementos de curta duración/ finalización do acollemento antes do remate do mes:

Para o cálculo dos acollementos de fins de semana e vacacións, dunha duración inferior a un mes ou aqueles que finalicen antes do último día do mes, empregaranse as contías establecidas por “Día”, que figuran na seguinte táboa (multiplicando polos dous decimais) :

	Idade do menor					
	0-1 anos		1-3 anos		3-17 anos	
	Mes	Día	Mes	Día	Mes	Día
Normais	600 €	20,00 €	400 €	13,33 €	350 €	11,67 €
Especiais	Contía diaria = contía mensual / 30					

7.6. Modificación/finalización da compensación económica por cambio de idade:

Cando un neno, nena ou adolescente, ao cumprir anos, entre nun **tramo de idade con diferente compensación económica**, cambiarase a retribución a partir do mes seguinte a aquel no que se cumpran os anos. Esta circunstancia farase constar no contrato.

O acollemento familiar finalizará ao cumprir o adolescente os **18 anos**. Por tanto, só se pagará o acollemento ata o día anterior a cumprir a maioría de idade. No obstante, cando se dean as circunstancias establecidas poderase propoñer a inclusión do adolescente no Programa Mentor.

7.7. Procedemento:

Cada mes, o Servizo de Familia, Infancia ou Dinamización Demográfica que corresponda enviará a servizos centrais dous tipos de listados, segundo os modelos dos **ANEXOS IX e X**:

7.7.1. Listado de control de acollementos familiares remunerados en familia extensa/allea: farase un listado para familia extensa e outro para familia allea.

En cada un dos listados incluíranse:





- As prórrogas de acollementos vixentes (normais e especiais).
- As novas concesións producidas no mes en curso (normais e especiais).
- As baixas (cese de acollementos) producidas no ano en curso (normais e especiais).
- As variacións (cambios de contías e/ou de tipoloxía) producidas no mes en curso (normais e especiais).

O cambio de acolledores non se considerará unha variación, senón que deberá reflectirse na táboa a baixa e a alta cos anteriores/novos acolledores.

Cada neno, nena ou adolescente irá nun recadro da táboa. Nos casos de que haxa varios nenos, nenas ou adolescente acollidos pola mesma familia incluíranse cada un nunha fila individual, así como o importe a percibir por cada un deles.

Dado que o listado ten por obxecto o cálculo e control do orzamento anual dos acollementos de cada departamento territorial, incluírá sempre todos os meses do ano.

7.7.2. Listado económico de acollementos familiares remunerados familia extensa/allea para enviar á Intervención co documento contable.

Faranse 2 listados: un para familia extensa e outro para familia allea, nos que figurarán:

- Apelidos e nome da persoa acolledora.
- NIF do acolledor perceptor.
- Número de conta no que se ingresará a axuda.
- Importe a pagar no mes.

Nos casos nos que un perceptor teña a varios nenos, nenas ou adolescentes ao seu cargo, no listado económico mensual figurará só unha vez co importe global a percibir por todos eles.

Estes listados enviaranse **antes do 28 de cada mes**, en formato Excel, vía correo electrónico, ao Servizo de Protección de Menores da Dirección Xeral. Ademais, coa mesma data límite, enviaranse a través de Rexel os documentos en pdf asinados electronicamente.

Previamente ao envío dos listados, **todos os perceptores das retribucións**, cos seus números de conta actualizados, **deberán estar dados de alta no módulo de terceiros do Xumco**.

7.7.3. Concesión de novos acollementos remunerados:

- a) No caso de varios irmáns acollidos pola mesma familia, elaborárase unha proposta conxunta, reflectindo os datos de cada un dos nenos, nenas ou adolescentes e desagregando, no apartado "Contía da compensación económica, desagregada por meses", os importes correspondentes a cada un deles.
- b) Unha vez que se aprobe o novo acollemento remunerado polo departamento territorial, este **dará de alta ao perceptor da retribución no módulo de terceiros do Xumco**.

As novas concesións incluíranse no listado de control do mes correspondente, facendo constancia da súa tipoloxía (A: alta) e a previsión da compensación económica para o resto do ano. Só aparecerá como alta no mes de inicio, pasando a ser considerado como prórroga (P) nos meses restantes.

7.7.4. Cesamento de acollementos:

Sempre que se cese un acollemento (sexa por maioría de idade, reunificación familiar ou determinación doutra medida de protección) deberá reflectirse no listado de control que se enviará mensualmente ao Servizo de Protección de Menores, segundo o modelo do **ANEXO IX** (ver apartado 7.7), facendo constancia da súa tipoloxía (B: baixa) na columna correspondente. Esta baixa manterase durante todo o ano no listado, se ben reflectirá un importe de 0 € nos meses posteriores.

7.7.5. Variación do importe dos acollementos:





Cando se produza unha variación no importe dos acollementos (por cambiar o tramo de idade ou as circunstancias persoais do neno, nena ou adolescente) farase constar no listado de control, identificado coa letra V. Nos seguintes meses (a non ser que se produza unha nova variación), constará como prórroga (P).

8. TRASLADO/ACEPTACIÓN DE EXPEDIENTES A/DE OUTRAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS

8.1. Traslado de expedientes a outras Comunidades Autónomas:

No caso de nenos, nenas ou adolescentes con expediente de protección en Galicia acollidos noutras Comunidades Autónomas, seguirase o Protocolo para a coordinación de actuacións das entidades públicas competentes en materia de protección de persoas menores de idade, supostos de traslados, aprobado pola comisión delegada do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, a proposta da Comisión Interautonómica de Infancia e Familia, do 25 de marzo de 2015 (ou acordos que o substitúan) de acordo cos seguintes criterios para trasladar o expediente:

- **Acollementos temporais** (con previsión de retorno): trasladarase o expediente só no caso de que o neno, nena ou adolescente acollido e os seus pais cambien o seu domicilio a outra Comunidade Autónoma (residindo ambas as dúas familias na mesma Comunidade Autónoma).
- **Acollementos permanentes** (cando non exista unha previsión de retorno a medio-longo prazo): trasladarase o expediente só no caso de que a nena, neno ou adolescente se traslade a outra Comunidade Autónoma (con independencia de onde vivan os pais).

TRASLADOS

Lugar de residencia de

<i>Tipo de acollemento</i>	NNA	PAIS	
		Galicia	Outra C.A.
Temporal	Galicia	NON	NON
	Outra C.A.	NON	SÍ / NON *
Permanente	Galicia	NON	NON
	Outra C.A.	SÍ	SÍ

Se o neno, nena ou adolescente e os pais residen na mesma Comunidade Autónoma, trasladarase o expediente.

Se o neno, nena ou adolescente e os pais residen en distintas Comunidades Autónomas, non se trasladará o expediente.

Tendo en conta estas consideracións, para o traslado de expedientes a outra Comunidade Autónoma, a xefatura territorial remitirá comunicación ao Servizo de Protección de Menores da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, que tramitará a solicitude coa Entidade Pública da outra comunidade.

Esta comunicación enviarase xunto cos informes de interese e o informe do técnico responsable do caso.





Aceptado o expediente pola outra Comunidade Autónoma, ditarase resolución de peche de expediente, que se remitirá, así mesmo, ao organismo responsable da Comunidade Autónoma. A data de resolución (e de peche do expediente) será a da asunción da medida pola outra Comunidade Autónoma.

Todas as resolucións de traslado serán notificadas aos pais/titores e acolletores, así como, de conformidade co artigo 174.2 do Código Civil, ao Ministerio Fiscal.

8.2. Aceptación de expedientes doutras Comunidades Autónomas:

Ante a solicitude doutra Comunidade Autónoma de traslado de expediente dun neno, nena ou adolescente, cada xefatura territorial seguirá os seguintes criterios para aceptalo ou non:

- **Acollementos temporais:** só se aceptarán aqueles expedientes nos que, tanto o neno, nena ou adolescente como os seus pais fixen a súa residencia na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Acollementos permanentes:** aceptaranse os expedientes dos nenos, nenas ou adolescentes que se trasladen a vivir a Galicia.

ACEPTACIÓN EXPEDIENTES

Lugar de residencia de

<i>Tipo de acollemento</i>	NNA	PAIS	
		Galicia	Outra C.A.
Temporal	Galicia	SÍ	NON
	Outra C.A.	NON	NON
Permanente	Galicia	SÍ	SÍ
	Outra C.A.	NON	NON

No caso de **aceptar o expediente**, emitirase resolución, que se notificará á Comunidade Autónoma interesada e se comunicará ao Ministerio Fiscal. De **non aceptar o traslado**, remitirase escrito á Comunidade Autónoma, segundo o modelo do **ANEXO XII**.

As comunicacións entre entidades públicas de protección articularanse neste caso tamén a través do Servizo de Protección de Menores da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

9. TRASLADO/ACEPTACIÓN DE EXPEDIENTES A/DE OUTROS DEPARTAMENTO TERRITORIAL

9.1. Traslado de expedientes a outro departamento territorial:

Para os nenos, nenas ou adolescentes con expediente de protección en Galicia, que estean acollidos nunha provincia diferente á que pertence o seu expediente, procederase da seguinte forma:

Acollementos temporais: trasladarase o expediente á outra provincia só no caso de que o/a neno, nena ou adolescente acollido e os seus pais cambien o seu domicilio a esta (residindo ambas as dúas familias na mesma provincia).

Acollementos permanentes: trasladarase o expediente sempre que o/a neno, nena ou adolescente acollido se traslade a outra provincia (con independencia de onde vivan os pais).

En calquera caso, o ETM da provincia na que residan neno, nena ou adolescente e acolletores será o responsable de efectuar o seguimento. Pola súa banda, o equipo da provincia onde residan os pais, responsabilizarase do traballo de reintegración familiar.

A xefatura territorial comunicará o traslado á provincia correspondente, remitindo, ademais dos informes de interese, o informe do técnico responsable do caso. Non será necesario emitir resolución, só efectuar esa comunicación, indicando que, desde a data da comunicación, a tutela/garda do neno, nena ou





adolescente será exercida polo xefe territorial da provincia receptora.

O expediente do neno, nena ou adolescente na aplicación informática MENOR non se pechará, de xeito que cada neno, nena ou adolescente teña un único expediente; só será preciso cumprimentar o apartado "traslado".

Comunicarase o traslado aos pais/titores e acolletores, así como, de conformidade co artigo 174.2 do Código Civil, ao Ministerio Fiscal.

9.2. Aceptación de expedientes de outro departamento territorial:

Ante a solicitude de traslado doutra provincia, seguiranse os mesmos criterios para aceptalo ou non que entre distintas Comunidades Autónomas:

- **Acollementos temporais:** só se aceptarán aqueles expedientes nos que, tanto a persoa neno, nena ou adolescente como os seus pais fixen a súa residencia na mesma provincia.
- **Acollementos permanentes:** aceptaranse os expedientes do/as nenos, nenas ou adolescentes que se trasladen a vivir a esa provincia.

En caso de negativa a aceptar un traslado de expediente doutra xefatura territorial, deberá remitirse ademais comunicación ao Servizo de Protección de Menores da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

10. AS APLICACIÓNS INFORMÁTICAS

Todos os/as nenos, nenas ou adolescentes en acollemento familiar, e por tanto en protección terán aberto e actualizado o seu expediente na aplicación MENOR.

As familias acolleadoras, terán expediente aberto e actualizado na aplicación MENOR.

É moi importante cubrir na aplicación MENOR o apartado que indica se o acollemento é en familia extensa ou allea.

Solamente no momento en que o departamento territorial emisor fai o traslado, pode traballar o departamento receptor, e este último deberá actualizar os datos de equipo e técnico responsable.

Todas as suxestións e/ou problemáticas presentadas coas aplicacións informáticas enviaranse por escrito ao Servizo de Protección de Menores, coa finalidade de analizalas co departamento de informática e, se é o caso, introducir posibles melloras.

11. VIXENCIA

Esta circular entrará en vigor o día da súa sinatura, deixando sen efecto a circular 1/2022.

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo José Rey Sastre

